



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia contemporánea de Galicia

Materia	Historia contemporánea de Galicia			
Código	002G251V01911			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Prada Rodríguez, Julio			
Profesorado	Prada Rodríguez, Julio			
Correo-e	jprada@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento dos principais acontecementos e os procesos xerais de cambio e continuidade da acontecidos en Galicia ao longo da Idade Contemporánea en perspectiva diacrónica.			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
C17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
C18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas
C19	Coñecemento da historia nacional propia
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Capacidade de organización e planificación
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D7	Capacidade de razoamento crítico
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D12	Capacidade para imprevistos, creatividade e lideranza

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	B1	C19	D1
Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral		C17	D7
Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto	A4		D5 D9
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	A3	C18 C23	D3 D4 D12

Contidos

Tema

1. A desestruturación do Antigo Réxime (1780-1874).	1.1. A evolución demográfica. 1.2. A desarticulación do sistema produtivo e o fracaso dos primeiros intentos anovadores. 1.3. O predominio dos grupos sociais tradicionais. 1.4. Política, ideoloxía e cultura. O liberalismo: a masonería galega coma punta de lanza do liberalismo revolucionario español.
2. O incerto camiño cara a modernidade (1874-1939).	2.1. Poboación e emigración. 2.2. A estrutura económica: cambios e persistencias. 2.3. Clases e movementos sociais. 2.4. A evolución política. Da Restauración á guerra civil. 2.5. A toma da conciencia identitaria, o rexionalismo e a súa evolución: do federalismo ao nacionalismo.
3. O pasado recente (1940-).	3.1. A dinámica poboacional: estancamento e recesión demográfica. 3.2. A economía galega na etapa franquista. 3.3. O réxime do 18 de xullo e as propostas democratizadoras.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	30	45
Titoría en grupo	6	0	6
Traballos de aula	10	10	20
Traballo tutelado	8	22	30
Eventos docentes y/o divulgativos	2	0	2
Seminario	5	15	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	18	21
Probas de resposta curta	1	5	6
Outras	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicación dos contidos da materia polo profesor.
Titoría en grupo	Sesións orientadas ao seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, a preparación das actividades e probas de avaliación e a realización dos traballos en grupo.
Traballos de aula	Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistras que inclúan a resolución de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos.
Traballo tutelado	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea. Deberán estar asignados inexcusablemente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Eventos docentes y/o divulgativos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Seminario	Traballo de aula individual ou en grupos informais a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistras, por medio de relatorios ou conferencias, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).
Traballos de aula	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).

Traballo tutelado A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Valoraranse os coñecementos teóricos da materia, a estruturación de ideas e a precisión e claridade expositiva a través de dúas probas de avaliación que incluírán tanto probas de contido teórico como comentarios de textos, mapas e gráficas. Para superar a materia será preciso acadar, en ambas as dúas probas, unha cualificación de cando menos 5 puntos. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	40	B1 C19 D1
Traballos de aula	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos indicados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral	5	B1 C19 D1 D7
Traballo tutelado	Presentación e entrega, na data sinalada dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a presentación formal do mesmo. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	25	C18 D3 C23 D7 D12
Seminario	Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados e capacidade para fomentar o debate, a discusión e a participación. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto	20	C17 D4 D5 D9
Outras	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia. Para o seu control é imprescindible a entrega dunha ficha por parte do alumnado antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas.	10	A4

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continúa, serán avaliados da totalidade do dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta. O devandito traballo deberá estar asignado, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial e entregarse coincidindo coa data de realización do mesmo en cada convocatoria. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción polo mencionado art. 12), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto na parte teórica como na parte práctica.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Juana, J. de, e J. Prada (eds.), **Historia Contemporánea de Galicia**, Ariel, 2005

Bibliografía Complementaria

Barreiro Fernández, X. R. (Rodríguez Iglesias, Francisco, dir.), **Gallicia. Historia (Tomos V e VI)**., Hércules de Ediciones, 1991

Domínguez Castro, L. e G. Constenla, **Tempos de sermos**, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2002

Barreiro Fernández, X. R., **Historia Contemporánea de Galicia**, Gamma, 1983

Juana, J. de, e J. Prada, **El galleguismo: Historia y Textos. De los orígenes a la Declaración de Barcelona**, Obradoiro de Historia de Galicia, 2002

Varela Ortega, J., **El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875-1923)**, Marcial Pons-Centro de Estudios Constitucionales, 2001

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.
